

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de  
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a  
responder:*

**Nome e apelidos**

*Nome e apelidos*

**DNI:**

**Sinatura:**

*Firma:*

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude  
Profesional (CAP)**


**Mercadorías**

**08/09/2021**

**10:00 H**

**-GALEGO-**

**MODELO A**



**Dele la vuelta al cuaderno  
para disponer del examen en  
CASTELLANO**

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**1. Como se chama o vehículo formado por un conxunto de botellas ou pequenas cisternas conectadas entre si mediante un colector?**

- a) Vehículo tolva.
- b) Portacontedores.
- c) Vehículo batería.
- d) Capitoné.

**2. Que deberá levar un vehículo que transporte mercadoría perigosa a granel?**

- a) Placas-etiquetas nos laterais do vehículo.
- b) Placas-etiqueta nos laterais e traseira do vehículo.
- c) Placas-etiqueta na parte dianteira e traseira do vehículo.
- d) Placas-etiqueta nos laterais, traseira e dianteira do vehículo.

**3. O transporte de mercadorías con temperatura regulada e destinadas ao consumo humano...**

- a) non está regulado especificamente.
- b) ten unha normativa especial, pero só para alimentos conxelados.
- c) ten unha regulación especial.
- d) está regulado só se se trata de transporte combinado.

**4. A medida que aumenta a velocidade:**

- a) o camión ten que desprazar menos cantidade de aire no mesmo tempo.
- b) as turbulencias son menores.
- c) a succión do aire é menos potente.
- d) as turbulencias son maiores.

**5. O semirremolque:**

- a) tamén se denomina tren de asfalto.
- b) dispón de patíns ou patas que son abatidos para soportar o peso cando non está axustado a un automóbil.
- c) é o vehículo automóbil concibido e construído para rubir pola vía.
- d) é un tractor cun tamaño adecuado a espazos reducidos.

**6. Que fenómeno é típico dunha sobrecarga do eixo traseiro do camión?**

- a) O sobrequecemento dos freos.
- b) O esforzo excesivo para a suspensión traseira e a repercusión de golpes no chasis.
- c) A dureza na dirección do vehículo.
- d) O esforzo excesivo para a suspensión dianteira.

**7. As cooperativas de segundo grao estarán compostas, polo menos, por:**

- a) 2 cooperativas.
- b) 8 cooperativas.
- c) 32 cooperativas.
- d) 128 cooperativas.

**8. A sociedade anónima terá carácter:**

- a) civil.
- b) laboral.
- c) mercantil.
- d) mercantil, se o seu obxecto social é mercantil, e civil nos demais casos.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

## 9. En referencia ao transporte de mercadorías perigosas, que son os bidóns?

- a) Envases cilíndricos de paredes combadas, construídos por doias de madeira natural e provistos de aros.
- b) Envases de forma xeralmente cilíndrica, con fondo plano ou combado.
- c) Envases de metal ou plástico, de sección rectangular ou poligonal, provistos dun ou varios orificios.
- d) Embalaxes flexibles de papel, láminas de plástico, téxtil, material tecido ou outro material apropiado.

## 10. Nos transportes realizados en colaboración con outros transportistas, o transportista que recibe a demanda de porte responde como operador de transporte fronte:

- a) á Administración.
- b) ao cargador.
- c) ao transportista colaborador.
- d) Só responderá como transportista fronte a todos eles.

## 11. Para que condutores é necesario un certificado de condutor estranxeiro?

- a) Para todos os que non sexan españois.
- b) Só para todos os condutores con nacionalidade marroquí.
- c) Para os condutores que non teñan nacionalidade dun estado da Unión Europea ou de Islandia, Noruega e Liechtenstein.
- d) Soamente para os procedentes de América Latina.

## 12. Que transporte permite realizar a autorización bilateral de transporte internacional de mercadorías?

- a) Transporte de gando unicamente.
- b) Transporte de mobles unicamente.
- c) Transporte con destino ou orixe nun determinado país ou en tránsito polo seu territorio.
- d) Unicamente permite cargar nun determinado país se se entra en baleiro.

## 13. Como se incorporará á Rede de Itinerarios para Mercadorías Perigosas (RIMP) un vehículo que transporte mercadorías perigosas?

- a) A incorporación á RIMP debe facerse pola entrada ou saída máis afastada aos lugares de carga ou descarga.
- b) A incorporación á RIMP debe facerse pola entrada ou saída máis próxima á base da empresa.
- c) A incorporación á RIMP debe facerse pola entrada ou saída máis afastada á base da empresa.
- d) A incorporación á RIMP debe facerse pola primeira entrada ou saída que atope.

## 14. Que considera a normativa como transporte interior de mercadorías?

- a) O transporte que non excede os límites do país.
- b) O realizado no interior das poboacións de forma exclusiva.
- c) O realizado dentro do Espazo Schengen.
- d) O realizado dentro de Europa.

## 15. Que documentación debe presentar o condutor ao cargador ao chegar ao lugar da carga?

- a) A documentación do vehículo coa debida vixencia.
- b) O permiso de circulación apto para o vehículo que se vai a conducir.
- c) O certificado de formación ou autorización especial do condutor nos casos en que o ADR dispoñao e o certificado ADR do vehículo nos casos que sexa necesario.
- d) O certificado de formación e o certificado ATP do vehículo nos casos que sexa necesario.

## 16. Que se entende por sobreembalaxe no ADR?

- a) Embalaxe especial no que se colocan vultos de mercadorías perigosas que resultasen danados.
- b) Embalaxe exterior que proporciona igual protección que unha caixa.
- c) Envoltura utilizada para conter un ou varios vultos e lograr facer deles unha unidade máis fácil de manexo e estiba.
- d) Combinación dun ou varios envases interiores ancorados nunha embalaxe exterior común preparado para o transporte.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**17. Cantas velocidades adoitan ter os camións que desenvolven pouca potencia, destinados xeralmente ao transporte de curto percorrido?**

- a) Entre 4 e 6.
- b) Entre 6 e 9.
- c) Entre 10 e 12.
- d) Entre 13 e 16.

**18. Os movementos do líquido no interior dunha cisterna, inflúen na estabilidade do vehículo ?**

- a) Si, sempre.
- b) Só cando a cisterna leva líquidos refrixerados.
- c) Só cando a cisterna leva líquidos calorifugados.
- d) Non.

**19. Que debe facer o condutor despois de realizarse a limpeza dunha cisterna?**

- a) Descansar.
- b) Poñer en marcha o motor.
- c) Solicitar o certificado de limpeza da cisterna.
- d) Cargar outra mercadoría.

**20. Que é o caderno TIR?**

- a) É o documento que acompaña ás mercadorías nos transportes efectuados en réxime TIR.
- b) O conxunto de normas do réxime TIR.
- c) O documento que autoriza aos vehículos que fan este tipo de transportes.
- d) O documento que acredita ao condutor como profesional especializado.

**21. Que son transportes de cargas fraccionadas?**

- a) Aqueles que se compoñen de dez ou máis vultos.
- b) Aqueles en cuxa descarga intervén máis dunha persoa.
- c) Aqueles que para a súa realización precisan de actividades previas ou complementarias de manipulación, clasificación ou outras.
- d) Todas as cargas son fraccionadas.

**22. Como responderán os socios das débedas sociais nunha sociedade de responsabilidade limitada?**

- a) Responderán persoalmente.
- b) Non responderán persoalmente.
- c) Uns socios responderán persoalmente e outros non.
- d) Depende do importe da débeda.

**23. O elevado custo do transporte aéreo provoca que normalmente estea limitado a:**

- a) mercadorías cun alto valor unitario.
- b) mercadorías de entrega urxente.
- c) O custo do transporte aéreo non é, máis ou menos, maior que o do resto de modos de transporte, polo que non supón un factor de limitación.
- d) As respostas A e B son correctas.

**24. Pode provocar un aumento da distancia de detención a sobrecarga dalgún dos eixos dun camiión?**

- a) Si.
- b) Non, posto que a masa non afecta á distancia de reacción.
- c) Si, pero soamente se o eixo que se sobrecarga é algún dos dianteiros.
- d) Si, posto que a masa afecta directamente á distancia do tempo de reacción do condutor.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

## 25. A que se denomina "levante de mercadorías"?

- a) Ao acto das autoridades aduaneiras polo que poñen as mercadorías ao dispor dos fins concretos do réxime aduaneiro no que se incluíron.
- b) Ao acto das autoridades aduaneiras polo cal se incautan das mercadorías por existir irregularidades no seu tráfico.
- c) Ao movemento de mercadorías para a súa recolocación dentro dun almacén.
- d) Ao movemento de mercadorías para a súa carga ou descarga nun vehículo.

## 26. Un uso correcto do vehículo pode chegar a reducir o consumo?

- a) Só en longas viaxes.
- b) Si.
- c) Non, só depende do carburante.
- d) Non, nunca.

## 27. Cando os equipos de protección individual superen os controis estipulados, deberase estampar sobre o produto...

- a) as siglas "UE", que irán seguidas dun número de tres díxitos no caso dos equipos de categoría III.
- b) as siglas "CE", que irán seguidas dun número de tres díxitos no caso dos equipos de categoría III.
- c) as siglas "CE", que irán seguidas dun número de catro díxitos no caso dos equipos de categoría III.
- d) as siglas "UE", que irán seguidas dun número de catro díxitos no caso dos equipos de categoría III.

## 28. Que non é aconsellable que o condutor faga ao tratar cun cliente anoxado?

- a) ver máis aló das formas provocadas polo anoxo.
- b) poñerse á defensiva.
- c) tentar acougar o anoxo.
- d) buscar unha solución negociada.

## 29. Para poder lograr unha eficacia durante a freada, é importante manter o centro de gravidade do vehículo:

- a) o máis preto posible das rodas dianteiras.
- b) o máis preto posible das rodas traseiras.
- c) o máis alto posible.
- d) o máis baixo posible.

## 30. Sinale cal das seguintes afirmacións é correcta respecto a a conducción segura:

- a) Non beber alcol nin tomar drogas.
- b) Elixir adecuadamente o roteiro para seguir.
- c) Non efectuar comidas demasiado copiosas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

## 31. Sinale a afirmación falsa.

- a) Manter un nivel incorrecto de presión nos pneumáticos dá lugar a avarías na transmisión.
- b) Manter un nivel incorrecto de presión nos pneumáticos pode dar lugar a unha repentina destrución das cubertas.
- c) Manter un nivel incorrecto de presión nos pneumáticos pode dar lugar á perda de control do vehículo.
- d) Manter un nivel incorrecto de presión nos pneumáticos pode dar lugar a un desgaste rápido e irregular das cubertas.

## 32. Se fose necesario repoñer aceite no motor porque o seu nivel estea baixo, que tipo de aceite debe utilizarse?

- a) Un coas mesmas características do que conteña o cárter e ademais da mesma marca.
- b) Un coas mesmas características do que conteña o cárter, aínda que non é obrigatorio que sexa da mesma marca.
- c) Abonda con que sexa un da mesma marca do que conteña o cárter, porque iso significa que a composición é a mesma.
- d) Con tal que sexa un aceite mineral para vehículos, para encher non importan nin a marca nin as

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

características.

**33. Un transporte de mercadorías perigosas debe ir acompañado de:**

- a) un documento de control de enchido (no caso das cisternas).
- b) unha lista de comprobacións de carga (no caso do transporte a granel).
- c) unha carta de porte.
- d) un certificado de revisión do tacógrafo.

**34. Un vehículo de transporte de mercadorías cunha MMA de 3 toneladas:**

- a) debe levar instalado tacógrafo.
- b) debe levar instalado tacógrafo se se destina ao transporte público.
- c) está exento de levar instalado tacógrafo.
- d) debe utilizar tacógrafo en transporte internacional.

**35. Nun motor de combustión, o termostato é un elemento que pertence ao sistema de...**

- a) lubricación.
- b) distribución.
- c) dirección.
- d) refrixeración.

**36. Por que motivo é necesario refrixerar o aceite do sistema de lubricación dun motor de combustión?**

- a) Porque se se quenta en exceso vólvese excesivamente viscoso.
- b) Porque se se quenta en exceso vólvese excesivamente denso.
- c) Porque, de non facelo, perdería poder lubricante.
- d) Porque se pode chegar a obstruír o filtro do aire.

**37. En que ocupación hai máis accidentes de traballo con forma non traumática?**

- a) Carniceiro.
- b) Carpinteiro.
- c) Condutores.
- d) Químico.

**38. Cal é a principal causa de sinistralidade laboral para os traballadores do transporte?**

- a) A intervención en accidentes de tráfico.
- b) A escasa visibilidade no posto de condución.
- c) Cables e enchufes defectuosos.
- d) Conexións inadecuadas.

**39. Que problemas de saúde máis frecuentes produce o traballo sedentario?**

- a) Lesións na pel. Lesións oculares.
- b) Aumenta a carga de esforzo sobre os músculos das costas.
- c) Rachos musculares.
- d) Fortes hematomas.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**40. O máis recomendable para traballar de pé é utilizar zapatos...**

- a) coa sola plana.
- b) con tacón de 2 a 4 cm.
- c) con tacón de 10 cm.
- d) con tacón de 15 cm.

**41. En que vehículos é obrigatorio instalar o aparello de control?**

- a) En todos.
- b) En todos os vehículos que non sexan para uso particular.
- c) En todos aqueles que non sexan turismos e furgonetas.
- d) En vehículos que efectúen transporte de mercadorías ou de viaxeiros.

**42. En que lugar dun motor de combustión de inxección directa mestúrase o aire quente co carburante pulverizado?**

- a) No cárter.
- b) Na tapa de balancines.
- c) No colector de escape.
- d) Na cámara de compresión.

**43. É imprescindible que a batería non se mova do seu aloxamento xa que, de non ser así,:**

- a) aumentaría a tensión eléctrica.
- b) aumentaría a intensidade eléctrica.
- c) favorécese a formación de gases no interior da batería.
- d) aumentaría a densidade do electrolito.

**44. Que tipo de aceite é máis viscoso?**

- a) SAE 20 W / 40.
- b) SAE 10 W / 50.
- c) SAE 0 W / 30.
- d) SAE 5 W / 40.

**45. Cando é especialmente aconsellable que o condutor evacúe o vehículo?**

- a) No caso de que haxa moi pouca luz.
- b) En caso de tormenta.
- c) No caso de que haxa moita luz.
- d) Cando existe o perigo inminente dun choque.

**46. A máxima potencia dun motor conséguese...**

- a) ao ralentí.
- b) a un réxime medio de revolucións.
- c) a un número de revolucións próximo ao máximo.
- d) ao máximo de revolucións.

**47. Onde se atopa o filtro do aire nun motor de combustión sobrealimentado?**

- a) Entre o turbocompresor e o intercooler.
- b) Entre o intercooler e a válvula de admisión.
- c) Antes do turbocompresor.
- d) Esta clase de motores carecen de filtro de aire.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**48. A utilización dos carrís habilitados por motivos de fluidez para a circulación en sentido contrario ao habitual queda limitada...**

- a) soamente aos motociclistas.
- b) aos turismos con remolque.
- c) aos vehículos de máis 9 prazas.
- d) ás motocicletas e turismos.

**49. As vías para automóviles, de cantas calzadas dispoñen?**

- a) Dunha calzada.
- b) De dúas calzadas obrigatoriamente.
- c) De tres calzadas.
- d) As vías para automóviles non teñen calzada.

**50. Unha zona marcada por franxas oblicuas paralelas enmarcadas por unha liña continua, que significa?**

- a) Delimita os lugares de estacionamento.
- b) Indica que ningún condutor debe entrar na citada zona.
- c) Indica o comezo dun carril reservado para determinados vehículos.
- d) Indica que un carril está reservado para a circulación, parada ou estacionamento de determinados vehículos.

**51. Como se debe cubrir o certificado de actividades do condutor?**

- a) Recheo a máquina.
- b) Recheo a man.
- c) Recheo a man ou a máquina.
- d) Recheo con bolígrafo de tinta indeleble.

**52. Poden os axentes de control trasladar o vehículo a un taller mecánico calquera en caso de indicios dunha manipulación do tacógrafo?**

- a) Si, sempre.
- b) Si, pero só se non hai un taller autorizado a menos de 15 km.
- c) Non, ten que ser un taller autorizado.
- d) Si, pero só no caso de que sexa mal funcionamento do tacógrafo.

**53. Poden os axentes de control reter algún tipo de documentación durante o período que dure unha inmovilización?**

- a) Si, a documentación do vehículo, a da carga e a autorización de transportes.
- b) Só a do condutor.
- c) Só o permiso de circulación do vehículo.
- d) Non, ningunha.

**54. Segundo o Convenio de aplicación do Acordo de Schengen, os transportistas que trasladen a nacionais de terceiros países, están obrigados a devolvelos ao país de procedencia?**

- a) Non cando se lles denegue a entrada nun terceiro país que só sexa de tránsito.
- b) Son libres de trasladalos ao país de destino.
- c) Non están obrigados en ningún caso.
- d) Si, sempre.

**55. Todos os países que participan na cooperación Schengen son membros do Espazo Schengen?**

- a) Non, o Espazo Schengen é máis restrinxido.
- b) Si, son os mesmos que forman a Unión Europea.
- c) Non, a cooperación Schengen é máis restrinxida.
- d) Si, son denominacións equivalentes.



# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**56. Segundo o Regulamento (CE) 1/2005 relativo á protección dos animais durante o seu transporte, os cochinillos con menos de tres semanas de vida non son aptos para o transporte salvo que a viaxe sexa inferior a:**

- a) 100 quilómetros.
- b) 3 horas de viaxe.
- c) 50 quilómetros.
- d) 2 horas de viaxe.

**57. Para que o condutor realice sen risco as inspeccións periódicas no vehículo...**

- a) non é necesario estar familiarizado con este traballo.
- b) é necesario coñecer os perigos implícitos de cada unha das revisións e operacións de mantemento.
- c) Non é necesario utilizar roupa, luvas ou outros elementos de protección.
- d) é necesario contactar permanentemente co servizo de mantemento do fabricante do vehículo.

**58. Cal é a función da cadea cinemática do vehículo?**

- a) Proporcionar seguridade ao vehículo mentres está en movemento.
- b) Proporcionar forza de tracción e empuxe para realizar o desprazamento do vehículo.
- c) Fornecer combustible ao motor mentres o vehículo está en movemento.
- d) Proporcionar forza de freado para evitar o desprazamento do vehículo.

**59. Cal a función principal do ESP?**

- a) Regular a freada entre o eixo dianteiro e o traseiro.
- b) Mellorar o seguimento da traxectoria do vehículo.
- c) Aumentar a presión de freado durante unha freada de urxencia.
- d) Activar en todos os eixos os cilindros do sistema de freo de servizo.

**60. Cando se debe separar o embrague do tren de tracción?**

- a) Cando se precise cambiar de marcha.
- b) Cando existen problemas de adherencia.
- c) Cando se precise distribuír de forma regular os pares de tracción.
- d) Cando se precise sincronizar o movemento das válvulas co dos pistones.

**61. Onde se solicitan as tarxetas de tacógrafo de condutor?**

- a) No Ministerio de Fomento.
- b) Na oficina provincial de transporte da Comunidade Autónoma onde estea residenciado o condutor.
- c) Na Xefatura de Tráfico onde estea residenciado o condutor.
- d) Na Subdelegación do Goberno onde estea residenciado o condutor.

**62. Que circunstancias non favorecen a aparición de molestias nas costas dos condutores?**

- a) Deseño defectuoso do asento.
- b) O bo funcionamento do sistema de suspensión do vehículo.
- c) O mantemento continuado de posturas incorrectas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**63. Cando se fala de ralentizadores está a facerse referencia...**

- a) a un tipo de freo de disco.
- b) a un mecanismo que regula o ralentí do motor.
- c) a un tipo de sistema antibloqueo de freos.
- d) ao freo eléctrico, por exemplo.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**64. Como se chama o sistema electrónico que regula a freada entre o eixo dianteiro e traseiro segundo a masa que recae sobre cada un?**

- a) EBS.
- b) EBV.
- c) ASR.
- d) TCS.

**65. Cal das seguintes afirmacións non é unha función dos nutrientes?**

- a) Conseguen a enerxía necesaria.
- b) Forman e manteñen órganos
- c) Favorecen o sobrepeso dos condutores.
- d) Axudan ao sistema de defensas do corpo.

**66. Como rexistra o tacógrafo analóxico a distancia percorrida polo vehículo nun disco-diagrama ou folla de rexistro?**

- a) En números grandes para que se lea ben.
- b) Con números en letra vermella.
- c) Non a rexistra.
- d) Con movementos do estilete de subida e baixada na zona máis céntrica do disco.

**67. Pódese saber de que vehículo procede un condutor se se consulta na memoria do tacógrafo dixital?**

- a) Non, nunca.
- b) Si, debido a que ao inserir a tarxeta de condutor o tacógrafo anota na súa memoria o vehículo do que procede.
- c) Si, pero só se o vehículo anterior é da mesma empresa.
- d) Si, pero só se o vehículo está matriculado no mesmo país.

**68. No caso de que o tacógrafo dixital presente un desfasamento de 10 minutos na hora UTC, como se pode corrixir?**

- a) É recomendable acudir a un taller autorizado debido a que o condutor só pode cambiar 1 minuto á semana.
- b) É necesario enviar o tacógrafo a fábrica.
- c) É necesario acudir ao primeiro taller mecánico que apareza.
- d) Non se pode corrixir, é necesario comprar un novo tacógrafo.

**69. Que se rexistra na tarxeta de condutor dos datos dun incidente?**

- a) Só o nome do incidente.
- b) Só un pictograma.
- c) Nada.
- d) A data, hora e o código do incidente e a matrícula do vehículo.

**70. Como varía o par motor co número de revolucións do motor?**

- a) O valor do par non varía co número de revolucións.
- b) Sempre aumenta proporcionalmente ao número de revolucións do motor.
- c) Inversamente proporcional ao número de revolucións.
- d) Segundo crece o número de revolucións, primeiro aumenta, alcanza o seu máximo e despois, diminúe.

**71. Chámase distribución ao conxunto de mecanismos do motor que...**

- a) reparten a corrente ás buxías.
- b) reparten a electricidade aos circuitos do automóbil.
- c) regulan a entrada e saída dos gases nos cilindros.
- d) regulan a presión de inxección do carburante

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**72. Onde vai asentado ou sobre que vira o cigüeñal dun motor de catro cilindros?**

- a) Nos apoios.
- b) Nos cóbados.
- c) Nas muñequillas.
- d) Nos contrapesos situados no lado contrario dos cóbados.

**73. O que un automóbil monte unha caixa de velocidades con cambio manual ou con cambio automático, inflúe no consumo de carburante?**

- a) Si, coas caixas de velocidades con cambio manual o consumo é maior.
- b) Si, coas caixas de velocidades con cambio manual o consumo é menor.
- c) Non, se a velocidade á que se circula é a mesma.
- d) Non, se a forma de conducir é a mesma.

**74. Cando se fala dos freos de tambor, está a facerse referencia:**

- a) a un tipo de freo cuxo elemento frenante é a pastilla.
- b) a un tipo de freo cuxo elemento frenante é a zapata.
- c) aos freos eléctricos.
- d) aos ralentizadores.

**75. Desde o punto de vista da súa capacidade de carga, que é un vehículo pesado en transporte de mercadorías?**

- a) Só os vehículos que superen as 12 toneladas de masa máxima autorizada.
- b) Os vehículos cuxa masa máxima autorizada supere as 6 toneladas e cuxa carga útil sexa superior a 3,5 toneladas.
- c) Só os vehículos que superen as 20 toneladas de masa máxima autorizada.
- d) Os vehículos cuxa masa máxima autorizada supere as 4 toneladas e cuxa carga útil sexa superior a 2,5 toneladas.

**76. Que índice fai referencia ao número de accidentes con vítimas por cada 100 millóns de quilómetros percorridos?**

- a) Índice de gravidade.
- b) Índice de mortalidade.
- c) Índice de perigo.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**77. Para sinalizar o obstáculo que representa un vehículo accidentado, onde deberán colocarse os dispositivos de preseñalización de perigo?**

- a) Un por diante e outro por detrás, como mínimo a 50 metros do vehículo accidentado.
- b) Un por diante e outro por detrás, como mínimo a 100 metros do vehículo accidentado.
- c) Un por diante e outro por detrás, como mínimo a 75 metros do vehículo accidentado.
- d) Un por diante, como mínimo, a 50 metros do vehículo accidentado, e outro por detrás a 75 metros desde o último vehículo detido para auxiliar á vítimas.

**78. Que tipo de drogas producen efectos como alteracións sensitivas, perda da noción de tempo e espazo?**

- a) Alucinógenos.
- b) Estimulantes.
- c) Depresoras.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**79. Que establece a lexislación europea no que se refire á formación dos condutores?**

- a) Unha formación obrigatoria para determinados condutores.
- b) Unha formación exclusiva só para condutores de autobús.
- c) Unha formación obrigatoria só para os condutores que transporten mercadorías perecedoiras.
- d) Non existe ningunha obrigatoriedade de formación de condutores.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**80. Nun pneumático podería figurar a inscrición 225/80 R 22.5 150/145 S, pero, en que zona?**

- a) Na válvula.
- b) Na cámara.
- c) Nos flancos.
- d) Na banda de rodadura.

**81. A que vehículos afectan exclusivamente as indicacións dos semáforos de ocupación de carril?**

- a) Aos vehículos pesados.
- b) Aos vehículos que circulen polo carril sobre o que están situados.
- c) Aos tranvías.
- d) Aos ciclos e ciclomotores.

**82. En que momento do día é máis habitual a presenza de xeo?**

- a) Á noite.
- b) Á primeira hora da mañá.
- c) Ao mediodía.
- d) Ás dúas da mañá.

**83. O descanso diario normal dun condutor pode realizarse en dous períodos (3 horas 9 horas), pode tomalo tantas veces como queira segundo a regulamentación social europea?**

- a) Si, pero sempre nesa orde.
- b) Só pode realizalo dúas veces por semana.
- c) Só pode realizalo 8 veces ao mes.
- d) Só poden realizalo os condutores que conducen en equipo.

**84. Como se denominan os aceites de viscosidade moi alta que se utilizan, normalmente, para lubricar o grupo diferencial?**

- a) Valvulinas.
- b) Aceites multigrados.
- c) Aceites sintéticos.
- d) Aceites de placas de fricción deslizantes.

**85. O símbolo "Stop" obriga ao condutor para deter o seu vehículo. Se non existise unha liña de detención próxima, onde debería deterse?**

- a) Inmediatamente antes da calzada á que se aproxima.
- b) Inmediatamente despois da calzada á que se aproxima.
- c) Non é obrigatorio deterse ao non existir liña de detención.
- d) Neste caso, o lugar da detención quedará a criterio do condutor.

**86. Que presión levaremos nos pneumáticos se non se absorben ben as irregularidades do firme?**

- a) Igual á indicada polo fabricante.
- b) Superior á indicada polo fabricante.
- c) A correcta, pero necesitaremos un equilibrado de rodas.
- d) Inferior á indicada polo fabricante.

**87. En pendentas ascendentes é recomendable manter...**

- a) a agulla do tacómetro na parte dereita da zona económica.
- b) un réxime de xiro baixo.
- c) o pedal de acelerador pouco pisado ou solto.
- d) a agulla do tacómetro na parte esquerda da zona económica.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**88. Unha boa forma de aforrar carburante ao conducir un vehículo pesado é...**

- a) circular cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada polo fabricante.
- b) observar as revolucións do motor para decidir o momento no que se debe cambiar de marcha.
- c) esperar co motor arrincado sen circular ata que alcance a temperatura adecuada de funcionamento.
- d) acelerar en baleiro cando se arrinca o motor para que este alcance a temperatura adecuada no menor tempo posible.

**89. Que factor inflúe na resistencia á rodadura dun pneumático?**

- a) A viscosidade do aire.
- b) A utilización de pneumáticos "tubeless".
- c) O traballo de flexión do pneumático.
- d) A utilización de pneumáticos "tube type".

**90. Circulando cun automóbil a un número determinado de revolucións por minuto do motor, o consumo será maior...**

- a) canto menos cargado circule o vehículo.
- b) canto máis curta sexa a relación de marchas.
- c) canto máis longa sexa a relación de marchas.
- d) canto menor sexa o coeficiente aerodinámico do vehículo.

**91. O consumo de carburante dun automóbil vese afectado por varios factores, entre eles atópase:**

- a) o tipo de bomba de inxección: lineal ou rotativa.
- b) o tipo de sistema de freado que se monte: hidráulico ou pneumático.
- c) o perfil da estrada, a presión de inflado dos pneumáticos e a aerodinámica do vehículo.
- d) o tipo de bomba de alimentación: de membrana ou de émbolo.

**92. Ademais de reducir o consumo de carburante, realizar unha conducción económica presenta unha serie de vantaxes. Sinalar a resposta incorrecta.**

- a) Reduce a contaminación atmosférica.
- b) Reduce a contaminación acústica.
- c) Permite aumentar os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.
- d) Reduce os desgastes mecánicos.

**93. O condutor dun vehículo pesado, ten a posibilidade de reducir o consumo de carburante do seu vehículo?**

- a) Só cando se trata de motores de gasolina.
- b) Non, porque o consumo é invariable en función da velocidade á que se circule.
- c) Si, por exemplo, reducindo a presión de inflado das rodas traseiras.
- d) Si, por exemplo, substituíndo o filtro do aire cando o recomende o fabricante do vehículo.

**94. O nivel real de calidade dunha marca comercial é fundamentalmente...**

- a) o nivel recoñecido polos accionistas da empresa titular da marca.
- b) o nivel recoñecido pola Administración Pública.
- c) o nivel percibido polos clientes.
- d) o nivel certificado por unha entidade de certificación da calidade.

**95. Poderá procederse á inmovilización dun vehículo nunha inspección de transporte na estrada se:**

- a) o condutor supera nun 5% o límite de velocidade.
- b) falta o título habilitante para o transporte.
- c) o condutor colabora cos axentes encargados do control.
- d) Nunca pode procederse á inmovilización dun vehículo.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 08-09-2021 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**96. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta:**

- a) Na estrada prodúcese máis accidentes con vítimas que en zona urbana.
- b) En zona urbana prodúcese máis accidentes con vítimas que na estrada, pero morren menos persoas.
- c) En zona urbana prodúcese máis accidentes con vítimas e morren máis persoas que na estrada.
- d) En zona urbana prodúcese máis accidentes que na estrada, pero non hai vítimas.

**97. En termos de calidade, o condutor:**

- a) é un cliente interno.
- b) é un cliente externo.
- c) é un cliente indirecto.
- d) non debe ser tido en conta.

**98. Cal é a función básica das proteínas?**

- a) Proporcionar enerxía.
- b) Regular os procesos intestinais.
- c) Formar e manter tecidos.
- d) Manter a temperatura corporal.

**99. A capacidade dunha batería:**

- a) non se ve influenciada pola temperatura ambiente.
- b) é maior canto menor sexa a temperatura ambiente.
- c) é sempre a mesma.
- d) é menor canto menor sexa a temperatura ambiente.

**100. Segundo a Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viario, o condutor debe:**

- a) velar pola boa identificación das placas de matrícula.
- b) verificar o bo estado da vía que vaia a utilizar.
- c) tomar nota de calquera incidencia na sinalización.
- d) Todas as respostas son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corruxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

**101. Como se denominan as embalaxes flexibles de papel, láminas de plástico, téxtil, material tecido ou outro material apropiado?**

- a) Sacos.
- b) Toneles.
- c) Bolsas.
- d) Jerricanes.

**102. Segundo a normativa laboral española, o tempo de presenza dos condutores profesionais é:**

- a) estar descansado no seu domicilio.
- b) realizar actividades de condución nun vehículo.
- c) estar ao dispor do empresario sen prestar traballo efectivo.
- d) realizar calquera traballo de mantemento do vehículo.

**103. Algúns motores que utilizan o gasóleo como carburante poden utilizar un carburante ecolóxico alternativo chamado:**

- a) etanol.
- b) bioetanol.
- c) diésel.
- d) biodiésel.

## EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 08-09-2021 10:00 h

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

- 96. Indique cuál de las siguientes afirmaciones es correcta:**
- a) En carretera se producen más accidentes con víctimas que en zona urbana.
  - b) En zona urbana se producen más accidentes con víctimas que en carretera, pero mueren menos personas.
  - c) En zona urbana se producen más accidentes con víctimas y mueren más personas que en carretera.
  - d) En zona urbana se producen más accidentes que en carretera, pero no hay víctimas.

**97. En términos de calidad, el conductor:**

- a) es un cliente interno.
- b) es un cliente externo.
- c) es un cliente indirecto.
- d) no debe ser tenido en cuenta.

**98. ¿Cuál es la función básica de las proteínas?**

- a) Proporcionar energía.
- b) Regular los procesos intestinales.
- c) Formar y mantener tejidos.
- d) Mantener la temperatura corporal.

**99. La capacidad de una batería:**

- a) no se ve influenciada por la temperatura ambiente.
- b) es mayor cuanto menor sea la temperatura ambiente.
- c) es siempre la misma.
- d) es menor cuanto menor sea la temperatura ambiente.

**100. Según la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial, el conductor debe:**

- a) velar por la buena identificación de las placas de matrícula.
- b) verificar el buen estado de la vía que vaya a utilizar.
- c) tomar nota de cualquier incidencia en la señalización.
- d) Todas las respuestas son correctas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

**101. ¿Cómo se denominan los embalajes flexibles de papel, láminas de plástico, textil, material tejido u otro material apropiado?**

- a) Sacos.
- b) Toneleros.
- c) Bolsas.
- d) Jerricanes.

**102. Según la normativa laboral española, el tiempo de presencia de los conductores profesionales es:**

- a) estar descansado en su domicilio.
- b) realizar actividades de conducción en un vehículo.
- c) estar a disposición del empresario sin prestar trabajo efectivo.
- d) realizar cualquier trabajo de mantenimiento del vehículo.

**103. Algunos motores que utilizan el gasóleo como carburante pueden utilizar un carburante ecológico alternativo llamado:**

- a) etanol.
- b) bioetanol.
- c) diésel.
- d) biodiésel.

## EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 08-09-2021 10:00 h

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

- 88. Una buena forma de ahorrar carburante al conducir un vehículo pesado es...**
- a) circular con una presión de inflado de los neumáticos inferior a la recomendada por el fabricante.
